



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# Aprendizaxe e Servizo en Psicoloxía Clínica da Saúde

**Profa. Dra. Patricia Otero Otero**


Mestrado Universitario de Psicoloxía Aplicada (UDC)

Psicoloxía Clínica da Saúde

# OBXECTIVOS

## ACCIÓN DE APRENDIZAXE

- Adestrar as habilidades relacionadas co deseño de programas de promoción da saúde e prevención da enfermidade, orientado ao actual problema de saúde pública provocado pola pandemia de COVID-19



## ACCIÓN DE SERVIZO

- Fomentar a cooperación entre a universidade e a comunidade, reforzando as sinerxias colaborativas entre a adquisición de coñecementos que se produce na institución educativa e o servizo á comunidade
- Promover as condutas de prevención da COVID-19 nos universitarios

# PARTICIPANTES



Participantes

- Estudantes da materia Psicoloxía Clínica da Saúde do Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada (UDC)

Destinatarios


- Mozos en idade universitaria

Entidade colaboradora

- Grupo de sensibilización da UDC

# FASES DO PROXECTO

Fase	Desenvolvemento
<b>Análise de necesidades</b>	Análise da incidencia da COVID-19 e factores de risco de contaxio
<b>Formación</b>	Adquisición de coñecementos e directrices para a elaboración de programas de promoción da saúde e prevención da enfermidade
<b>Implementación</b>	1. Deseño da campaña de prevención da COVID-19 2. Publicación e difusión nas redes sociais: Instagram, TikTok, YouTube, Facebook, Twitter
<b>Avaliación</b>	Autoavaliación e avaliación pola docente



# RESULTADOS DE APRENDIZAXE

## Experiencia de aprendizaxe-servizo

O 100% dos estudantes elixiron esta actividade

O grao de satisfacción acadado polos alumnos foi elevado

O proxecto contribuíu á adquisición de competencias e obxectivos de aprendizaxe dunha maneira motivadora e significativa

Esta experiencia permitiu unir a aprendizaxe de coñecementos, habilidades e valores co compromiso social nun momento de emerxencia sanitaria (pandemia de COVID-19)

O proxecto recibiu os parabéns e apoio do Decano e do Vicedecano de Docencia e Innovación Tecnolóxica da Facultade, e da Coordinadora do Mestrado

Por petición dos responsables, os vídeos tamén foron proxectados no monitor da planta principal da Facultade, na sección multimedia da web do centro, e na páxina web do Mestrado, como forma de concienciación de todo o alumnado e como exemplo a seguir no cumprimento das normas de prevención da enfermidade



# RESULTADOS DE SERVICIO

- **Campaña de 10 vídeos sobre a prevención da COVID-19 deseñada polo alumnado do Mestrado e difundida a través das redes sociais, dirixida a mozos en idade universitaria**
- **A campaña acadou un alto impacto na comunidade:**
  - Instagram: mais de 196.000 reproducións, 5.000 “me gusta”
  - Tiktok: mais de 3.500 reproducións, 370 “me gusta”
  - Youtube: mais de 1.650 visualizacións, 480 “me gusta”
  - Facebook: mais de 446 veces compartido, 140 “me gusta”
  - Twitter: más de 900 impresións e 200 interaccións

